



## INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS DOS CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA QUE SE IMPARTEN NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

A Orde do 20 de agosto de 2014 pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia dispón, no seu artigo 5, que as probas finais se realizarán nas datas que se farán públicas nos taboleiros e páxinas web das escolas e na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística. No artigo 6 desta orde regúlase o procedemento para a asignación das prazas.

Esta mesma orde dispón, no artigo 7, que as reclamación presentadas en relación coa cualificación outorgada nas actividades formativas serán obxecto de estudo por unha comisión técnica de avaliación, que estará formada polo/a subdirector/a xeral de Política Lingüística, polo coordinador/a de cursos de linguaxes específicas e por un/unha lingüista da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Esta comisión emitirá un informe que servirá de base para a resolución por parte da entidade convocante.

En cumprimento da citada orde e co obxecto de organizar as ditas probas, cómpre ditar a seguintes instrucións:

1. A proba final escrita para os cursos de linguaxe administrativa, na modalidade presencial, será elaborada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Esta proba terá carácter unificado e realizarase en todas as escolas na mesma data e hora.
2. Para os cursos presenciais que se imparten no primeiro cuadrimestre, esta proba realizarase o día 10 de febreiro de 2015 ás 9.00 h, para o cursos de linguaxe media, e ás 11.00 h, para os cursos de linguaxe superior.
3. Para os cursos presenciais que se imparten no segundo cuadrimestre, a proba escrita terá lugar o día 22 de maio ás 10.00 h.







4. As datas da proba oral serán fixadas por cada EOI e deberá informarse o alumnado cunha antelación mínima de quince días con respecto á súa realización.
5. Para a asignación de prazas nos cursos en liña que se imparten no segundo cuatrimestre, seguirase o procedemento recollido no artigo 6 da citada orde, e, no caso de quedaren prazas vacantes nalgunha escola, estas cubriranse con solicitantes doutras escolas, despois dun novo sorteo entre todas as persoas en lista de agarda, ata completar todos os grupos ofertados.
6. Os cursos en liña comezarán o día 23 de febreiro e rematarán o 17 de maio. Para estes cursos, as probas escrita e oral realizaranse nas instalacións da EGAP (Santiago de Compostela) o día 23 de maio de 2015. Os horarios e as aulas concretas serán anunciados na aula virtual cun mínimo de 15 días de antelación ao remate do traballo na plataforma.
7. As reclamacións relacionadas coa cualificación outorgada presentaranse ante a dirección da escola respectiva nun prazo de 5 días lectivos, contados a partir do seguinte ao da publicación dos resultados. A dirección da escola remitirá estas reclamacións á Secretaría Xeral de Política Lingüística para que a comisión técnica de avaliación emita o correspondente informe, nun prazo non superior a 10 días hábiles, para o que poderá solicitar información do profesorado que impartiu o curso. A dirección da escola resolverá o que proceda, tras ver o informe da comisión técnica de avaliación.

Santiago de Compostela 15 de outubro de 2014

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López

SRS./SRAS. DIRECTORES/AS DAS EOI DA CORUÑA, LUGO, OURENSE, PONTEVEDRA,  
FERROL, VIGO E SANTIAGO DE COMPOSTELA

